

INSTRUCCIÓNS DE REAPERTURA DAS SALAS DE ESTUDO DAS BIBLIOTECAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Versión 2 (9.10.2020)

1. Abriranse as 11 bibliotecas que forman a Biblioteca Universitaria co horario que, con carácter xeral, diten os órganos de goberno da Universidade de Vigo para o conxunto das actividades presenciais que leven a cabo nos campus.
2. O número de postos de usuario dispoñibles en cada biblioteca virá determinado pola obriga de que cada posto, sempre de uso individual, garde cos postos dispoñibles contiguos unha separación non inferior a 1,5 metros en cada un dos seus catro lados.
3. Queda prohibido o estudo en grupos, tanto nas salas de uso xeral coma nas salas de estudo en grupo. Debido a isto, estas últimas permanecerán pechadas ao público.
4. O acceso ás bibliotecas producirase de maneira ordenada, tratando de evitar a formación de colas de espera que, en todo caso, deberán gardar unha distancia de seguridade entre as persoas non inferior a 1,5 metros.
5. Ao acceder e abandonar as bibliotecas, as persoas usuarias deberán respectar os circuítos diferenciados de entrada e saída existentes, así como o resto de normas de circulación no interior das bibliotecas.
6. Para acceder ás bibliotecas e permanecer nelas é obrigatorio o uso de máscara, así como proceder, antes de entrar, a unha desinfección de mans mediante os dispensadores de xel hidroalcohólico situados á entrada das bibliotecas
7. O uso das salas de estudo nos termos arriba indicados, está permitido a todos os membros da Universidade de Vigo (estudiantado, PDI e PAS), así como os usuarios/as autorizados/as e externos/as que se contemplan nos arts. 22 e 23 do regulamento da Biblioteca Universitaria. As persoas usuarias que entren nunha biblioteca para acceder ás salas de estudo, deberán demostrar a súa pertenza a algún destes colectivos mostrando ao persoal de servizo a súa tarxeta TUI ou o seu carné da biblioteca da Universidade de Vigo. Nas situacións de proximidade ao límite de aforo terá prioridade o persoal e estudiantado da Universidade de Vigo.
8. Coa finalidade de artellar a prioridade de uso dos postos polos membros da Universidade de Vigo prevista no punto anterior, establécese o limiar do límite de aforo con carácter xeral no 50 % dos postos que constitúen o aforo máximo permitido de cada biblioteca. Deste xeito, cando a metade dos postos que ofrece unha biblioteca

estean ocupados ou permanezan como non dispoñibles para o seu uso, poderase restrinxir o acceso dos usuarios/as externos/as. Con todo, este limiar poderá ser modificado polas direccións das bibliotecas en caso de necesidade e sempre co obxecto de garantir a prioridade do persoal e do estudantado pertencente a Universidade de Vigo.

9. Con obxecto de facilitar a asignación de postos nas salas de estudo e, no seu caso, trazar posibles contaxios da Covid-19 no interior das bibliotecas, o persoal de servizo levará un rexistro das persoas que acceden ás salas de estudo cada día.
10. Unha vez comprobada a identidade da persoa usuaria e a súa pertenza a algún dos colectivos indicados, o persoal da biblioteca procederá a asignarlle algún dos postos de usuario dispoñibles nas salas de lectura abertas. Para ese efecto, en todas as bibliotecas procederase a numerar os postos de usuario dispoñibles, así como a sinalizar aqueles que están fóra de servizo con obxecto de articular a distancia de seguridade de 1,5 metros entre postos. Unha vez asignado un posto, os usuarios ou usuarias non poden trasladarse a outro diferente.
11. Ao abandonar un posto, a persoa usuaria queda obrigada a notificalo ao persoal da biblioteca con obxecto de que o devandito posto quede identificado e temporalmente inhabilitado ata que se proceda á súa limpeza e desinfección polo persoal do servizo de limpeza. Ata que un posto non fose desinfectado, non quedará ao dispor do público.
12. Ao non estar permitido o acceso do público aos fondos situados nos andeis de libre acceso, no caso de que unha persoa usuaria necesite consultar ou ler algunha destas obras, deberá acudir ao persoal da biblioteca que será quen acceda aos andeis para buscar a obra e poñela ao dispor da persoa solicitante. Rematada a consulta, o/a usuario/a debe devolver a obra ao persoal da biblioteca ou depositala nos carros ou mesas habilitados para ese efecto para a súa posta en corentena durante 3 días.
13. O préstamo de portátiles ás persoas usuarias segue suspendido.
14. O resto de dispositivos electrónicos de uso público, como fotocopiadoras, escáneres e ordenadores de sobremesa poderá ser utilizado polos usuarios e usuarias con fins de estudo, docencia ou investigación. Para iso, a persoa usuaria deberá proceder, antes e despois de cada uso, á hixienización dos teclados, ratos e outros periféricos necesarios para utilizar os dispositivos. Para eses efectos, a biblioteca porá a disposición das persoas usuarias solucións alcohólicas ou desinfectantes e panos de papel que se desbotarán unha vez rematada a hixienización. Nesta operación a persoa usuaria coidará de non danar os equipos cunha excesiva achega de líquido.
15. As salas de estudo deberán permanecer ventiladas durante todo o tempo que, de acordo coas condicións climáticas, resulte posible.